

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Prezo público

EDICTO

Unha vez acordado pola Xunta de Goberno Local do 6/05/2016 o establecemento do prezo público para a realización da actividade “Comida da Terceira Idade” que terá lugar o 6 de XUÑO de 2016, segundo o seguinte texto:

Primeiro.–Tarifa.

O prezo público pola participación na actividade de “Comida terceira idade” será de 8 euros por persoa.

Segundo.–Esíxese depósito previo para a participación na actividade, que poderá realizarse en calquera das contas municipais abertas nas entidades financeiras, así como na Caixa corporación. A falta de ingreso suporá non poder participar na actividade.

Terceiro.–Declárase expresamente a existencia de razóns culturais e de interese público que aconsellan a fixación do prezo público por debaixo do custo da actividade.

Cuarto.–O establecemento do prezo público entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP.

Quinto.–Para o non previsto neste apartado, estarase ao disposto na Ordenanza Xeral número 28, xeral reguladora do establecemento ou modificación dos prezos públicos do Concello de Melide.

Acórdase a súa publicación para xeral coñecemento.

Melide, 9 de maio de 2016.

A alcaldesa

Dalia García Couso

2016/3756